



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECRETARÍA XERAL. SECCIÓN DE PATRIMONIO

Anuncio

ACTA DE ENTREGA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DUNHA ESTRADA PROVINCIAL A FAVOR DO CONCELLO DE MONTERROSO.

En virtude do artigo 18.8 do Decreto 66/2016 de 26 de maio polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, procédese a publicar a acta de entrega de cambio de titularidade dunha estrada provincial, asinada entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monterroso.

- ACTA DE ENTREGA DO TREITO DA ESTRADA PROVINCIAL LU-P-3301 "MONTERROSO (N-640)-MARCO (N-547)", ENTRE O PQ 0+000 E O PQ 0+210, A FAVOR DO CONCELLO DE MONTERROSO, ASINADA O 12 DE FEBREIRO DE 2025 BAIXO O CSV IV7VFS2CZ5PKUT6CAMVBHYIPGQ

Estrada	Denominación da estrada	P.Q.i	P.Q.f
LU-P-3301	Monterroso (N-640)-Marco (N-547)	0+000	0+210

Lugo, 13 de febreiro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0427

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

RIBADEO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-5207 "RIBADEO - VILELA (LU-133)" P.K 3+400 A 6+277

EXPTE GTM: 2025/CON_02/000014

NEGUEIRA DE MUÑIZ.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-3601 "ACEBO (LU-701) - NEGUEIRA DE MUÑIZ", P.K. 2+384 A 10+250

EXPTE GTM: 2025/CON_02/000018

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial <https://portaltransparencia.deputacionlugo.org>

Lugo, 14 de febreiro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0434

CONCELLOS**GUITIRIZ***Anuncio***APROBACIÓN DO PREZO PUBLICO DA VIAXE A EXTREMADURA.**

Conforme o disposto nos artigos 41, 47 e 127 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público a efectos de coñecemento xeral e publicidade que a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 11 de setembro de 2024 acordou a aprobar os prezos para a celebración da viaxe a Extremadura coas seguintes tarifas:

375 euros por persoa en habitación dobre.

487 euros por persoa en habitación individual

Guitiriz, 6 de febreiro de 2025.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0428

*Anuncio***APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DOS TALLERES CULTURAI. BAILES DOMINICAIS.**

Conforme o disposto nos artigos 41, 47 e 127 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público a efectos de coñecemento xeral e publicidade que a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 15 de xaneiro de 2025 acordou a fixación do prezo público de actividades culturais, bailes dominicais, coa tarifa de público de 5 euros/ cada domingo de actuación.

Guitiriz, 6 de febreiro de 2025.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0429

LÁNCARA*Anuncio*

De conformidade co decreto de 13 de febreiro de 2025 faise pública a convocatoria para selección de persoal laboral temporal para a execución do proxecto Obradoiro Dual de Emprego “Os Soutos” en agrupación de concellos Láncara, Paradela e Samos, do que é promotor o concello de Láncara:

- 1 persoa monitora de educación compensatoria a media xornada.

A convocatoria e as bases aprobadas están publicadas na sede electrónica do Concello de Láncara na seguinte dirección <https://lancara.sedelectronica.gal>.

O prazo de presentación de solicitudes será de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte á data de publicación.

Láncara, 13 de febreiro de 2025.- O Alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 0430

LUGO*Anuncio*

Ilmo. Sr. don Ángel Pablo Permuy Villanueva, Tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído expediente relativo a: LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS NO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A 2 PRAZAS DE INSPECTOR/A PRINCIPAL DA POLICÍA LOCAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (1 PERTENCENTE Á OEP DE 2022 E 1 PERTENCENTE Á OEP DE 2023)

ANTECEDENTES DE FEITO

- Acordo 7/345 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A 2 PRAZAS DE INSPECTOR PRINCIPAL DA POLICÍA LOCAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (1 PERTENCENTE Á OEP DE 2022 E 1 PERTENCENTE Á OEP DE 2023), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 24 de xullo de 2024.
- Decreto Nº: 7184/2024 do 02/08/2024 polo que se resolveu Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 PRAZAS DE INSPECTOR PRINCIPAL DA POLICÍA LOCAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (1 PERTENCENTE Á OEP DE 2022 E 1 PERTENCENTE Á OEP DE 2023), que se rexerá polas bases específicas aprobadas por acordo 7/345 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 24 de xullo de 2024.
O dito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo”, núm. 184 do 9 de agosto de 2024 e, extracto do mesmo no “Diario Oficial de Galicia” número 173 do 9 de setembro de 2024..
O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” num. 231 do 24 de setembro de 2024.
- Con data do 22 de outubro de 2024 rematou o prazo de presentación de solicitudes.
- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o 12 de febreiro de 2025, adoptou, entre outros o seguinte acordo 10/62 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A 2 PRAZAS DE INSPECTOR PRINCIPAL DA POLICÍA LOCAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (1 PERTENCENTE Á OEP DE 2022 E 1 PERTENCENTE Á OEP DE 2023)
- Informe proposta da Xefa de Sección de Organización de Recursos Humanos de data 14 de febreiro de 2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Segundo o disposto na Base 6.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS das bases específicas que rexen a convocatoria:

“Rematado o prazo de presentación de instancias, e logo de informe previo do Servizo de Persoal acerca da antigüidade das e dos aspirantes ó servizo do Concello, da súa condición de funcionarias ou funcionarios, da súa pertenza ós corpos, escalas ou grupos de titulación esixidos para optar á quenda de promoción interna e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal, se é o caso, verbo da xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso, así como para a valoración da antigüidade na fase de concurso, a Alcaldía ou Concelleira/o Delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, poderá publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de admitidos e excluídos.

Quen dentro do prazo sinalado non emenden os defectos xustificando o seu dereito de admisión, será definitivamente excluído/a do proceso selectivo.

Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución declarando aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpren algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que poidesen derivarse da súa participación no proceso. É insubsanable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.

A orde de actuación das persoas aspirantes será determinado de acordo co establecido nas Bases Xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, así como ás prazas reservadas a promoción interna.”

Segundo.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 9 de outubro de 2019 adoptou a acordo 10/628 APROBACIÓN DE INSTRUCCIÓN PARA O FUNCIONAMENTO E ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, figurando no seu ARTIGO 4. NOMEAMENTO E REQUISITOS DE COMPOSICIÓN, punto 3. “A composición nominal do Órgano de Selección publicarase xunto coa lista provisional de admitidos e excluídos.”

Terceiro.- Con data do 14 de febreiro de 2025 a Xefa de Sección de Organización de Recursos Humanos emitiu informe relativo ao o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases que rexen a convocatoria polos aspirantes que presentaron a súa solicitude de participación no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 prazas de Inspector/a Principal da policía local pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (1 pertencente á OEP de 2022 e 1 pertencente á OEP de 2023).

Visto o anterior, en base ás atribucións delegadas por decreto nº 464/2024 do 19/01/2024, modificado polo Decreto 4036/2024 do 30/04/24 e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO**:

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 prazas de Inspector/a Principal da policía local pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (1 pertencente á OEP de 2022 e 1 pertencente á OEP de 2023), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS

APELIDOS E NOME	DNI
PIÑEIRO SANTOS, JOSÉ LUIS	***0331**
RÍO ESPIÑO, JOSÉ MANUEL	***1711**

EXCLUIDOS/AS: Ningún

Segundo.- Facer público que, segundo o acordo 10/62 adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 12 de febreiro de 2025, o tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso a 2 prazas de Inspector/a Principal da policía local pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (1 pertencente á OEP de 2022 e 1 pertencente á OEP de 2023); estará constituído do seguinte xeito:

Presidente/a:

Titular: don José Manuel Rico Rodríguez, intendente da Policía Local da Coruña- grupo A1.

Suplente: don José Ramón Silva Dieste, intendente da Policía Local de Santiago de Compostela- grupo A1

Vogais:

Titular: don José Manuel Duarte Solla, inspector principal da Policía Local de Pontevedra-grupo A2

Suplente: don Miguel Martínez Díaz, inspector da Policía Local de Monforte de Lemos-grupo A2

Titular: dona Elisa Martínez Arias, técnica superior do Concello de Monforte de Lemos- grupo A1

Suplente: dona Patricia Fanego Candia, técnica media do Concello de Sarria-grupo A2

Titular: dona Mónica Peña Lage, técnica media do Concello de Marín- grupo A2

Suplente: dona María Isabel Varela López, xefa de sección de Mobilidade Urbana e Sancións do Concello de Lugo-grupo A2

Secretario/a:

Titular: dona Ana María Rivas García, secretaria xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Suplente: don Justo Díaz Rodríguez, vicesecretario accidental do Concello de Lugo.

Segundo.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, sinalando un prazo de dez días hábiles para emendas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), contados a partir do seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 14 de febreiro de 2025.- O Tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

R. 0435

VILALBA

Anuncio

Procedemento: Subvencións por Concorrenza Competitiva

Expediente número: 272/2025

Asunto: Convocatoria das subvencións por concorrenza competitiva para a área de rehabilitación integral (A.R.I.) zona ampliada do Concello de Vilalba, dentro do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021. Fase 14

A presente convocatoria realízase ao amparo do establecido no artigo 22 da Lei Xeral de Subvencións, no artigo Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 6 Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Vilalba, publicada de xeito definitivo no Boletín Oficial de Lugo número 126 de data 3 de xuño do 2023, e ten por obxecto a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva para a área de rehabilitación integral (A.R.I.) zona ampliada do Concello de Vilalba, dentro do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, Fase 14, en virtude do previsto no artigo 54 do Real Decreto 106/2018, de 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 (*en adiante Real Decreto 106/2018 PEV*), a actuación financiada ao abeiro do Convenio suscrito o 30 de xullo do 2018 entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do Plan Estatal de Vivenda (*en adiante PEV*), para o Casco Antigo e Zona Ampliada de Vilalba; e tendo en conta que para o Concello de Vilalba foron programadas para a súa rehabilitación 40 vivendas, estimándose o seu custo total en 1.213.550,97€, e que na fase anterior non se completaron o total de axudas concedidas, nin se esgotou a achega comprometida polas administracións concorrentes, quedando un remanente de 422.838,63 € do Ministerio de Fomento e de 28.039,96 € da Xunta de Galicia.

As axudas contempladas nas bases aprobadas e publicadas teñen como finalidade contribuír a financiar os custos derivados das actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas dentro do ámbito definido como A.R.I. e zona ampliada de Vilalba, no marco do Plan de Vivenda ou Normativa de aplicación vixente.

As bases reguladoras encóntranse integramente publicadas no portal de transparencia da sede electrónica da Corporación municipal, no seguinte apartado Portal de transparencia/ Documentación básica sobre axudas, subvencións e convenios interadministrativos. Tamén poderá ser consultado no seguinte enderezo web: :

<https://vilalba.sedelectronica.es/transparency/089edebe-01fc-4281-8065-8cde752ad6b9/>

Vilalba, 13 de febreiro de 2025.- A Alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 0431

XERMADE

Anuncio

Convocatoria bolsa emprego auxiliar administrativo/a

Por Decreto da Alcaldía núm. 2025-0065 de data 14/02/2025 foron aprobadas as bases e a convocatoria do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego na categoría de auxiliar administrativo/a.

O prazo de presentación de solicitudes é de dez (10) días naturais dende a publicación do anuncio no BOP. As bases íntegras están publicadas na sede electrónica do Concello de Xermade: <https://concelloxermade.sedelectronica.es/>

Xermade, 14 de febreiro de 2025.- O Alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0436

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – GUITIRIZ

Anuncio

BASES DEL I CONCURSO DE DISFRACES Y COMPARSAS 2025 "PREMIO ESPECIAL CONCELLO DE GUITIRIZ"

BDNS (Identif.): 814949

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones:

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/814949>)

Primero. Beneficiarios:

Todas las personas, agrupaciones o asociaciones que deseen participar en el concurso el martes 4 de marzo de 2025, que cumplan los siguientes requisitos:

Modalidades individual y pareja: estar empadronados en Guitiriz

Modalidad comparsas: empadronados el 90% de los miembros en Guitiriz.

Nombrar a un representante legal mayor de edad, para realizar trámites.

En el caso de necesitar música en el desfile: enviar archivo en formato mp3, de 4 minutos de duración máxima, junto con la inscripción a info@concellodeguitiriz.com

Solo se puede participar en una modalidad con el mismo disfraz (individual, pareja o comparsa)

Los ganadores del premio deberán entregar antes del 5 de abril de 2025 copia del DNI o CIF y certificado del número de cuenta.

Segundo. Objeto:

Premio especial de disfraces del Ayuntamiento de Guitiriz el 04 de marzo de 2025 con el objetivo de consolidar una fiesta de tradición popular.

Tercero. Bases reguladoras:

Las bases reguladoras se publican en la sede electrónica <https://concellodeguitiriz.sedelectronica.es>

Cuarto. Cuantía:

Modalidad individual: 200 euros

Modalidad pareja: 300 euros

Modalidad comparsas: 500 euros

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes:

El plazo improrrogable de inscripciones finalizarán el lunes 3 de marzo de 2025 a las 14:00 horas.

Guitiriz, 14 de febrero de 2025.- La Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 0437

MINISTERIO DE TRANSPORTES E MOBILIDADE SOSTIBLE

DEMARCACIÓN DE ESTRADAS DO ESTADO EN GALICIA

Anuncio

Información Pública y convocatoria para el levantamiento de Actas Previas a la ocupación y Actas Previas a la ocupación temporal de bienes y derechos afectados por el Proyecto “Autovía de Santiago – Lugo (A-54). Tramo: Ramal de conexión del enlace de Remonde con la Carretera N-547. Provincia de Lugo”. Clave: 12-LU-4620.B. Término municipal: Palas de Rei.

Por Resolución del Ministro de Transportes y Movilidad Sostenible, P.D. el Secretario de Estado de Transportes y Movilidad Sostenible (Orden TMA/1007/2021, modificada por Orden TMA/355/2023; DA quinta RD 253/2024), de fecha 13 de diciembre de 2024, se aprueba el proyecto de la obra arriba indicada y se ordena a esta Demarcación de Carreteras la incoación del expediente de expropiación forzosa de los bienes y derechos afectados por las obras de ejecución del proyecto aprobado.

Es de aplicación el artículo 12 de la Ley 37/2015, de 29 de septiembre de Carreteras. La tramitación del correspondiente expediente expropiatorio se ha de ajustar, por tanto, a la vigente Ley de Expropiación Forzosa, de 16 de diciembre de 1954 y concordantes de su Reglamento de 26 de abril de 1957.

En consecuencia esta Demarcación, haciendo uso de las facultades que le otorga el artículo 98 de la Ley de Expropiación Forzosa y atendiendo a lo señalado en la citada legislación de Expropiación Forzosa, ha resuelto convocar a los propietarios que figuran en la relación que estará expuesta en el tablón de anuncios del Ayuntamiento de Palas de Rei (Av. Compostela, 28 – 27200 Palas de Rei - Lugo), así como en el de esta Demarcación de Carreteras (C/Antonio Machado, 45 – 15071 A Coruña) y en la Unidad de Carreteras del Estado en Lugo (C/Ronda de la Muralla, 131 - 27071 Lugo), para que asistan al levantamiento de las Actas Previas a la ocupación en el lugar, día y horas que a continuación se indican:

Término Municipal de Palas de Rei

Lugar: Salón de actos del Ayuntamiento de Palas de Rei. Avda. Compostela, 28. 27200 Palas de Rei (Lugo)

Día: 27 de marzo de 2025, de 09:00 a 14:00 horas

Titulares: desde Agra Barral, Alfredo (Herederos) hasta Zas Cebra, Manuel y Lopez Taboada, Aurora

Además de los medios antes citados, se dará cuenta del señalamiento a los interesados, mediante citación individual y a través de la inserción del correspondiente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, en dos diarios de la provincia y en el Boletín Oficial del Estado.

Esta última publicación, a tenor de lo dispuesto en el artículo 44 de la Ley 39/2015 de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, servirá como notificación a los posibles interesados no identificados, a los titulares de bienes y derechos afectados que sean desconocidos y a aquellos de los que se ignore su paradero.

A dicho acto deberán comparecer los titulares de los bienes y derechos que se afectan, personalmente o representados por persona debidamente autorizada, aportando los documentos acreditativos de su titularidad y el último recibo del impuesto sobre Bienes Inmuebles, pudiendo hacerse acompañar, a su costa, de Peritos y Notario.

Es de señalar que esta publicación se realiza, además, a los efectos de información pública contemplados en los artículos 17.2, 18 y 19.2 de la Ley de Expropiación Forzosa para que, en el plazo de quince días, los interesados puedan formular alegaciones, a los solos efectos de subsanar posibles errores que se hayan producido al relacionar los bienes afectados por la urgente ocupación, por escrito ante esta Demarcación de Carreteras del Estado o bien, a través de la sede electrónica:

https://sede.mitma.gob.es/sede_electronica/lang_castellano/oficinas_sectoriales/carreteras/otros_tramites/

sede que podrá ser utilizada durante todo el procedimiento de expropiaciones para realizar las alegaciones, reclamaciones o aportación de documentos que consideren necesarios.

Los planos parcelarios y la relación de interesados y de bienes afectados podrán ser consultados en las dependencias antes citadas y en el Ayuntamiento de Palas de Rei, en días hábiles y horas de oficina. Asimismo, los citados documentos estarán disponibles en la siguiente dirección de internet:

<https://www.transportes.gob.es/el-ministerio/buscador-participacion-publica>.

A Coruña, 5 de febrero de 2025.- El Ingeniero Jefe de la Demarcación, Ángel González del Río.

R.0432

NOTARÍA

Anuncio

YO, PEDRO ANTONIO LUNA VEGA, NOTARIO DE MONFORTE DE LEMOS, DEL ILUSTRE COLEGIO NOTARIAL DE GALICIA por medio de la presente, comunico:

1) Que en mi Notaría se ha protocolizado el cuaderno particional de la herencia que después se indica, como consecuencia de haberse tramitado procedimiento para partición por mayoría regulado en los artículos 295 y siguientes de la vigente Ley de Derecho Civil de Galicia, el cual se protocolizó en en acta de fecha siete de febrero del año dos mil veinticinco, número de protocolo 189, y que se refiere a la siguiente herencia:

CAUSANTE.- DOÑA MARÍA HORTENSIA OTERO PÉREZ, con DNI-NIF número 32.392.704-X, falleció en O Saviñao, donde tenía su último domicilio, el día tres de junio de dos mil dieciséis, en estado de soltera y sin dejar descendientes.

Falleció sin haber otorgado testamento, habiéndose tramitado la oportuna declaración de herederos abintestato, en actas autorizadas en Monforte de Lemos, por Don Juan J. López Yáñez, los días veintitrés de mayo de dos mil diecinueve y veinticinco de junio de dos mil diecinueve, números 1805 y 2165 de protocolo, respectivamente.

PROMOTORES.- Los siguientes herederos, hermana y sobrinos de la causante:

DOÑA CELSA OTERO PÉREZ

DOÑA BEATRIZ NANCY OTERO MIGUEL

DOÑA AMADORA GONZÁLEZ OTERO

DOÑA MARÍA CARMEN GONZÁLEZ OTERO

DOÑA FELISA GONZÁLEZ OTERO

DON FLORENTINO GONZÁLEZ OTERO

DOÑA HORTENSIA GONZÁLEZ OTERO

DOÑA MARÍA ISABEL GONZÁLEZ OTERO

DON JUAN CARLOS GONZÁLEZ OTERO

DON JOSE MANUEL OTERO LÓPEZ

2) Que cualquier persona interesada en dicha herencia podrá comparecer en mi Notaría en el plazo de TREINTA DÍAS HÁBILES, a los efectos de efectuar las alegaciones que considere oportunas en defensa de sus derechos.

Monforte de Lemos, once de febrero del año dos mil veinticinco.- El notario, Pedro Antonio Luna Vega.

R. 0410
